

**ÁLVARO VILA ARAUJO**, voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, da Regulación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o Regulamento desta corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE APOIO PROVINCIAL ANTE O RISCO DE LUMES NO VERÁN DE 2026**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A vaga de incendios forestais que asolou Galicia durante o mes de agosto de 2025 constitúe a peor catástrofe incendiaria das últimas décadas na historia da nosa comunidade. Segundo datos do sistema europeo de observación Copernicus, arderon en Galicia arredor de 171.000 hectáreas durante esa campaña. A provincia de Ourense foi o epicentro desta emerxencia sen precedentes: concentrou aproximadamente o 80% da superficie galega arrasada, con arredor de 138.000 hectáreas queimadas, o que representa preto do 20% da superficie total provincial. Os grandes incendios do Macizo Central ourensán convertéronse nos maiores da historia rexistrada de Galicia, afectando explotacións agrogandeiras, viñedos, soutos, espazos naturais protexidos e aldeas enteiras, con desaloxos masivos e danos persoais, ambientais, económicos e sociais de enorme magnitude.

A día de hoxe, no momento de poñer sobre o papel esta Moción, 12 de marzo de 2026, a provincia de Ourense atópase ante a perspectiva dun novo verán de alto risco nas mesmas condicións estruturais de vulnerabilidade que nos meses de xullo e agosto de 2025. Nin a Xunta de Galicia nin a Deputación de Ourense adoptaron medidas estruturalmente diferentes ás dos anos anteriores. O modelo vixente segue baseado nomeadamente na extinción e na delegación da xestión preventiva nos concellos, que na inmensa maioría dos casos non dispoñen de medios nin de persoal para asumila con eficacia. A reunión celebrada o 6 de marzo entre alcaldesas e alcaldes, o delegado territorial da Xunta, técnicos de Medio Rural e representantes de Seaga non fixo senón confirmar que a administración autonómica continúa derivando as súas responsabilidades cara aos municipios, mentres fía todo o peso da loita contra os lumes á climatoloxía e ás capacidades de extinción durante os meses de verán.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou o 9 de setembro de 2025 no Parlamento de Galicia que o Goberno galego asumiría directamente a limpeza das franxas secundarias de seguridade —os 50 metros arredor das vivendas— nos municipios de menos de 10.000 habitantes, o que representa o 82% dos municipios de Galicia. Seis meses despois dese anuncio, o compromiso continúa sen materializarse. Ao mesmo tempo, a Xunta mantén a ameaza de reter até un 30% dos fondos de cooperación local aos concellos que non acrediten o cumprimento das súas obrigas de vixilancia e limpeza de franxas, obrigándoos a asinaren convenios

**Grupo Provincial Socialista**

[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / Teléfono 988 31 79 80 / CIF G32244345

@PSOEOurense

nos que asumen competencias que non lles corresponden. Esta contradición entre o incumprimento das promesas propias e a penalización cara aos municipios resulta institucionalmente inaceptable.

Xurde ademais un problema que afecta directamente aos concellos do rural e que agrava a situación descrita. Mentres as franxas de protección arredor das vivendas continúan sen limpeza efectiva polo incumprimento dos compromisos anunciados pola Xunta de Galicia, dentro dos propios núcleos de poboación proliferan parcelas con maleza sen xestionar, cuxa competencia recae nas administracións municipais. Moitos concellos rurais da provincia carecen de medios, persoal e orzamento suficientes para identificar as parcelas afectadas, notificar ás persoas propietarias – frecuentemente descoñecidas ou non localizables– e tramitar os correspondentes expedientes sancionadores ou de execución subsidiaria. Trátase dunha vulnerabilidade adicional e evitable no corazón dos propios asentamentos rurais, fronte á cal a Deputación ten a obriga de actuar e de apoiar os concellos que non están en condicións de facerlle fronte por si sos.

A parálise normativa agrava de xeito determinante o diagnóstico. A nova lei integral de incendios forestais, negociada co Partido Socialista e comprometida polo propio Goberno galego desde o ano 2021 –e recollida como actuación prioritaria no Plan Forestal de Galicia 2021-2040, aprobado cos votos do Partido Popular–, permanece bloqueada sen calendario nin explicacións. Tampouco foi presentado o Plan Director da Industria Forestal, imprescindible para que o aproveitamento económico dos montes e a ordenación forestal vaian da man, para reducir a burocracia que impide manter limpas as parcelas forestais e para permitir reconverter solo forestal en agrario alí onde a actividade rural o demanda. Dende o mes de agosto de 2025, a Deputación anunciou a constitución dunha Mesa de Incendios para debater causas e solucións, pero as medidas propostas non se recolleron nos orzamentos provinciais nin autonómicos. Nin a Deputación nin a Xunta teñen adoptado ningunha medida estruturalmente diferente ás dos exercicios anteriores. É necesario máis apoio e coordinación institucional, para que a prevención sexa realmente efectiva tamén no interior dos núcleos rurais.

O risco climatolóxico para o verán de 2026 semella substantivamente elevado. Segundo expertos consultados por este Grupo político, un inverno e unha primavera tan húmidos como os actuais xerarán unha acumulación excepcional de biomasa nos montes. Se o verán de 2026 reproduce as temperaturas e condicións meteorolóxicas do pasado exercicio –como todo indica que podería suceder–, o territorio atópase ante a perspectiva dunha nova emerxencia de grandes dimensións. A Deputación de Ourense, no exercicio das súas competencias en cooperación municipal, apoio aos concellos e desenvolvemento territorial, ten a obriga de actuar preventivamente dentro do seu ámbito competencial, de impulsar as medidas que corresponden á

**Grupo Provincial Socialista**

[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / Teléfono 988 31 79 80 / CIF G32244345

**@PSOEOurense**

Xunta de Galicia e de protexer os sectores produtivos e as comunidades que poderían verse de novo damnificados pola inacción das administracións con responsabilidades directas na materia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

**PRIMEIRA.-** Que a Mesa Provincial de Incendios publique e difunda as súas conclusións nun prazo non superior a trinta días, e que estas sexan trasladadas ás administracións competentes –Xunta de Galicia e concellos– acompañadas dun calendario concreto de implementación das medidas acordadas.

**SEGUNDA.** Adoptar, no prazo de tres meses e con cargo ao orzamento de 2026, as medidas preventivas da súa competencia directa derivadas das conclusións da Mesa de incendios da Deputación de Ourense, con vistas a reducir a vulnerabilidade do territorio provincial ante o risco de lumes no verán de 2026.

**TERCEIRA.** Implementar un programa de asistencia proactiva aos concellos, mobilizando mecanismos de apoio técnico, económico e operativo, ademáis de cantos outros servizos provinciais sexan necesarios para realizar a tramitación dos expedientes de xestión da biomasa no interior dos núcleos de poboación, reforzando a capacidade dos municipios rurais para cumprir coa súa competencia no cumprimento da normativa de prevención de incendios.

**CUARTA.** Instar á Xunta de Galicia a asumir con persoal propio especializado, con brigadas permanentes ao longo de todo o ano (12 meses), a xestión e limpeza das franxas secundarias de seguridade, tal e como se comprometeu o presidente da Xunta de Galicia.

**QUINTA.** Instar á Xunta de Galicia a presentar con carácter inmediato o proxecto da nova lei integral de incendios forestais, comprometida desde 2021 e recollida como actuación prioritaria no Plan Forestal de Galicia 2021-2040, así como o Plan Director da Industria Forestal, instrumentos ambos imprescindibles para abordar as causas estruturais dos incendios forestais na provincia.

En Ourense, a 12 de marzo de 2026.



Asinado: **ÁLVARO VILA ARAÚJO**

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

**Grupo Provincial Socialista**

[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / Teléfono 988 31 79 80 / CIF G32244345

**@PSOEourense**